

A EXPLOTACIÓN LABORAL INFANTIL

Bangladesh 5 anos despois



A explotación laboral infantil

Bangladesh 5 anos despois

EDUCO

Somos unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o de recibir unha educación de calidade. Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e o seu benestar. Queremos construír un mundo onde todas as persoas poidan gozar plenamente dunha vida digna.

A nosa prioridade son as nenas, nenos e adolescentes, en particular aqueles grupos máis vulnerables e excluídos, e con atención especial cara ás nenas.

O noso traballo pretende garantir a efectiva realización dos **dereitos da infancia**, no marco da convención internacional que os regula (Convención sobre os Dereitos da Nenez, 1989) e a busca do máximo benestar infantil, que se configura como un marco axeitado para avaliar o avance cara a sociedades máis xustas.

Este **enfoque de dereitos**, leva consigo a aplicación en todas as nosas actuacións dos principios fundamentais da convención: a non discriminación, o interese superior da infancia, o dereito á supervivencia e ao desenvolvemento, e o dereito de nenos, nenas e adolescentes a expresaren as súas opinións e a seren tidos en conta en tódolos asuntos que lles afecten.

A educación, ademais de ser un dereito en si mesmo, é un medio indispensable para acadar os demais dereitos e liberdades. Por iso compartimos a convicción de que debe de ser incuestionable, dispoñible, accesible, aceptable e adaptable. Coidamos que só deste xeito ha ser quen de transformar a vida das persoas e das comunidades onde viven, contribuíndo a construír sociedades máis xustas e equitativas.

As nosas exposicións contribúen a dar a coñecer os problemas do mundo, co espertar de consciencias críticas na nosa contorna. Por iso, traballamos para impulsar e reforzar un concepto de **cidadanía global activa** baseado no respecto e a promoción da dignidade humana, nunha conciencia social crítica e con capacidade para xerar dinámicas transformadoras das inxustizas sociais. Iso implica **colaborar no desenvolvemento de consciencias e actitudes críticas, tolerantes, responsables e solidarias**, que sirvan para fomentar a cooperación entre as persoas e as sociedades, orientadas cara á promoción da xustiza social. Con este obxectivo, desenvolvemos accións de sensibilización en concellos, bibliotecas, centros culturais, universidades, etcétera.



A explotación laboral infantil

Bangladesh 5 anos despois

EXPOSICIÓNS EDUCO

A través desta exposición queremos que se coñeza de preto a realidade do traballo infantil en **Bangladesh** e a evolución do traballo de Educo neste país no ámbito educativo.

A mostra está composta por **once paneis** nos que, grazas ás fotografías realizadas por **José Alfonso e Puig Ventura**, se poden ver as diferentes realidades nas que viven os nenos e nenas traballadores. As imaxes ofrecen un percorrido polo seu día a día mailas súas condicións laborais, pero tamén reflicten a outra cara da infancia, a que ofrece o **dereito universal á educación** e ás vantaxes que achega no seu desenvolvemento. Recibir unha educación de calidade, gozar do dereito a xogar, acceder ao sistema sanitario e contar cunha alimentación equilibrada son factores que inflúen de xeito decisivo nos primeiros anos de vida de calquera persoa e permiten unha mellor preparación para a vida futura.

Bangladesh cinco anos despois é a continuación da exposición que Educo creou en 2007 grazas ás fotografías realizadas por José Alfonso. O fotógrafo madrileño quixo amosarnos a faciana do traballo infantil, unha realidade á que se enfrontan máis de sete millóns de nenos e nenas en Bangladesh. Cinco anos despois, xunto ás fotografías de Alfonso, a exposición complétase con imaxes captadas por Puig Ventura, que viaxou ao país para ver como estaban estes nenos e nenas traballadores. A pesar de que o problema persiste e os nenos teñen que seguir a traballar para axudar á subsistencia das súas familias, agora contan cunha oportunidade: teñen acceso a unha educación de calidade, con horarios adaptados, o que lles permitirá rematar os seus estudos como primeiro paso para mellorar as súas condicións de vida.

EDUCO EN BANGLADESH

Dende o ano 2001, **Educo traballa en 32 comunidades urbanas e rurais** da rexión de Dhaka, onde está presente en **34 escolas de educación formal** ás que asistiron mais de **8.200 nenos e nenas** para recibir educación primaria. E en 5 escolas para nenas e nenos traballadores ás que asistiron xa **855 alumnos e alumnas**.

A explotación infantil é un dos principais problemas do país. Non é estraño ver os nenos a desempeñar actividades laborais que poñen en grave risco o seu desenvolvemento como picar pedra, traballar con máquinas nas fábricas ou realizar traballo doméstico ou agrícola.

De feito, dos **200 millóns de nenos de entre 5 e 17 anos** que traballan no mundo, máis de **7,4 millóns** fanlo en **Bangladesh**, o que supón preto do 18% da poboación infantil do país. Esta situación tórnase máis crua nos slums -barrios marxinais de Dhaka. Por exemplo, no de Korail, onde Educo desenvolve o seu labor, **un de cada cinco nenos traballa e un de cada tres non está escolarizado**.

Perante a complexidade do problema, defendemos que reforzar as capacidades das comunidades en xeral e da infancia en particular contribúe a reducir o traballo infantil. Cremos que a educación é a mellor alternativa ao traballo infantil e que promover o **dereito á educación para todos e todas** ten moitas vantaxes a medio e longo prazo, xa que non só se mellora a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes educados, senón que se **contribúe ao desenvolvemento social e económico** da comunidade e do país.

Neste sentido, **Educo** traballa en **Bangladesh** en dúas liñas: por un lado, facilitamos que os nenos e nenas traballadores teñan acceso á escola a través da **Working Children School (WCS)**, un proxecto que ten por obxectivo incrementar o acceso á educación non formal de calidade a través de cinco centros escolares

Para iso adáptase o currículo formal e os horarios á súa dispoñibilidade e capacidades. Así mesmo, nas WCS axúdaselles a preparar os exames de acceso ao sistema educativo formal para que poidan cursar a educación secundaria.

Ademais, levamos a cabo accións de **formación de profesorado** e de **sensibilización ás familias e os empregadores** sobre a importancia da educación e os dereitos da infancia.

E por outro lado ofrecemos **educación de calidade** a nenas e nenos das zonas máis desfavorecidas, a través de **34 escolas de educación formal** ás que asiste un alumnado de **8.200 NNA**.

A explotación laboral infantil

Bangladesh 5 anos despois

FICHA TÉCNICA

- A exposición é moi completa, á vez que lixeira e sinxela de montar.
- Consta de 10 paneis de foam de 150 x 90 cm
- Ten un apoio triangular en cada panel para que se poida pousar no chan e manterse de pé.
- Educo sempre ofrece os seus materiais de balde, pedindo ás entidades receptoras asumir, se é posible, o transporte/envío da exposición.

Actividades complementarias:

Reportaxe e palestra

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de aproximadamente 60 minutos de duración. Esta actividade consta dunha palestra sobre explotación infantil e dereitos da infancia cun debate do público asistente.

